



Don Julio C. Trashorras de la Fuente, con DNI: [REDACTED],
Presidente Autonómico de ANPE Galicia con CIF: [REDACTED],
organización sindical legalmente constituída e con representación do
persoal docente, con enderezo a efectos de notificación en Rúa Doutor
Bispo Balanzá, 21-23, baixo, C.P: 27002, en Lugo

EXPÓN:

- Que a protección da seguridade e saúde das persoas empregadas públicas fronte a situacións de risco grave e inminente constitúe un principio esencial do ordenamento xurídico laboral e administrativo, plenamente aplicable ao ámbito da función pública.
- Que, mediante o Real decreto-lei 8/2024, do 28 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no marco da resposta fronte aos danos causados por fenómenos meteorolóxicos extremos, introduciuse unha modificación relevante no artigo 37.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro), incorporando unha nova letra g) que reconece un permiso retribuído en supostos de imposibilidade de acceso ao centro de traballo ou concorrencia de risco grave e inminente derivado de catástrofes ou fenómenos meteorolóxicos adversos.
- En concreto, o citado artigo 37.3.g) establece:

“Ata catro días por imposibilidade de acceder ao centro de traballo ou transitar polas vías de circulación necesarias para acudir ao mesmo, como consecuencia das recomendacións, limitacións ou prohibicións ao desprazamento establecidas polas autoridades competentes, así como cando concorra unha situación de risco grave e inminente, incluídas as derivadas dunha catástrofe ou fenómeno meteorolóxico adverso.”

- Que esta previsión normativa, de aplicación directa ao persoal laboral, ten como finalidade última garantir a integridade física, a seguridade e a saúde das persoas traballadoras, principios que deben informar igualmente a actuación das administracións públicas respecto do seu persoal funcionario.
- Que, no ámbito específico da función pública galega, resultan de aplicación:
 - O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cuxo artigo 14 reconece, entre outros dereitos individuais, o dereito á protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
 - A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que recolle no seu artigo 15 os dereitos do persoal empregado público, incluíndo expresamente o dereito á integridade física e a unha protección adecuada en materia de prevención de riscos laborais, así como o deber da Administración de garantir condicións de traballo seguras.
 - A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas, que impón a obriga de evitar a exposición das persoas traballadoras a riscos graves e inminentes.

□ Que, á vista do anterior, resulta coherente cos principios de igualdade, seguridade xurídica e protección da saúde que o permiso retribuído previsto no artigo 37.3.g) do Estatuto dos Traballadores sexa recoñecido e aplicado de forma análoga ao persoal funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia, cando concorran alertas meteorolóxicas oficiais ou recomendacións das autoridades que desaconsellen ou impidan o desprazamento aos centros de traballo. POR TODO O EXPOSTO, ESTA ORGANIZACIÓN SINDICAL SOLICITA:

1. Que se recoñeza expresamente a aplicación ao persoal funcionario ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dun permiso retribuído por alertas meteorolóxicas adversas, en supostos de imposibilidade de acceso ao centro de traballo ou de risco grave e inminente, en termos equivalentes aos previstos no artigo 37.3.g) do Estatuto dos Traballadores.
2. Que se establezan criterios claros, homoxéneos e públicos para a súa aplicación, baseados nas alertas e recomendacións emitidas por

organismos oficiais (AEMET, MeteoGalicia, Protección Civil ou autoridades competentes).

3. Que se garanta expresamente que a utilización deste permiso non suporá ningún prexuízo retributivo, administrativo nin disciplinario para o persoal funcionario afectado.
4. Que estes criterios se incorporen aos protocolos de prevención de riscos laborais e ás instrucións internas de xestión de persoal, coa participación das organizacións sindicais presentes nos órganos de representación.
5. Que, de maneira específica, se proceda á modificación e adaptación da normativa reguladora de licenzas e permisos do persoal docente dos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de incorporar expresamente un permiso retribuído por alertas meteorolóxicas adversas ou situacións de risco grave e inminente, en termos coherentes cos principios recollidos no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, e no artigo 37.3.g) do Estatuto dos Traballadores, garantindo así unha protección homoxénea da seguridade e saúde do persoal docente.

E para que así conste, aos efectos oportunos asina a presente:

En Lugo, a 27 de xaneiro de 2025.



Asdo.: Julio César Trashorras de la Fuente.
Presidente de ANPE Galicia.